

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 27 DE OUTUBRO DE 2016.

ASISTENTES:

Presidente:

Dna. María Jesús Novo Gómez

Concelleiros:

- D. Elisardo Montero Castro
- D. Rogelio Sueiro Castro
- D. Luís Rico Vereá
- D. Jesús Ángel Costoya Rúa
- D. José Luís Rivas Cruz
- Dna. Raquel Val Vázquez
- D^a.Ana Ledo Fernandez
- Dna. Sandra Sanchez Iñiguez
- D. Abelardo Seoane Vázquez
- D. José Balado Casal

Secretaria-Interventora:

Dna. Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:02 horas do día vinte e sete de outubro de dous mil dezaseis, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia da alcaldesa Dna. María Jesús Novo Gómez. Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido o alcalde abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Por non terse repartido acta/s da/s sesión/s anterior/es, deixase sen contido este punto da orde do día ordeando a Alcaldesa pasar ao seguinte.

2.- PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Pola Secretaria dase lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día:

“PROPOSICIÓN ALCALDÍA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL IBI PLENO ORDINARIO OUTUBRO DE 2016

Solicítase a urxencia do tratamento e votación deste punto da orde do día non dictaminado pola Comisión Permanente especial de contas e que considerase necesario adoptar en relación có incremento do IBI para que teña efectos no exercicio 2017.

Por unanimidade con 11 votos a favor acéptase a urxencia desta proposición

Visto o acordo plenario adoptado en data 28/04/2016 no que se aprobaron diversos acordos relativos ó procedemento de regularización catastral e que foi comunicado ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do que se obtivo resposta en escrito con entrada nº 1050 en data 31/05/2016 que di

El plan de regularización catastral 2013-2016, es una medida de lucha contra el fraude inmobiliario, incorporada al texto refundido de la Ley del Catastro Inmobiliario (TRLRHL), por la Ley 16/2012 de 27 de diciembre, por la que se adoptan diversas medidas tributarias dirigidas a la consolidación de las fi-

nanzas públicas y al impulso de la actividad económica. Mediante la misma se pretende incorporar al Catastro Inmobiliario cuantas nuevas construcciones, o ampliaciones, rehabilitaciones o reformas se hayan realizado sin que hayan sido debidamente declaradas, a fin de que todos tributen conforme a la realidad de sus inmuebles. Con motivo de dicho proceso, también se incluyen las construcciones ubicadas en suelo rústico que resultan indispensables para las explotaciones agrarias, dando así un tratamiento uniforme a las mismas, dado que ya habían sido incorporadas al Catastro en aquellos municipios en los que se ha llevado a cabo un procedimiento de valoración colectiva de carácter general (revisión catastral) desde el año 2007, lo que se ha producido en el Concello de Boimorto con la revisión catastral efectuada en 2013, con efectos en 2014. En relación con el primer acuerdo adoptado en el que se solicita la modificación del Real Decreto 1020/1993 en el sentido de incluir un coeficiente de depreciación funcional para las edificaciones destinadas a usos agrarios, he de indicarle que el sistema de valoración catastral aplica diversos coeficientes que minoran el valor catastral de las construcciones indispensables para las explotaciones agrarias. Asimismo, al ser objetivo del procedimiento de regularización catastral la concordancia de las descripciones catastrales con la realidad y aplicar la ponencia vigente en cada municipio, son tenidas en cuenta las características de cada municipio y, en concreto, las de sus construcciones. Así, en la valoración de las construcciones agrarias no se tiene en cuenta el factor de localización, lo que supone una reducción inedia de su valoración de un 40%. Además, se aplican coeficientes reductores en función de la categoría constructiva que puede llegar a alcanzar una reducción del importe máximo de valor de la construcción de un 65%, a lo que ha de añadirse la aplicación de un coeficiente reductor por antigüedad real de las construcciones y de su estado de conservación que puede llegar a alcanzar una depreciación del 86% del valor "a nuevo" de las construcciones. Finalmente, en cumplimiento de la normativa catastral vigente, los valores catastrales de las construcciones agrarias resultantes se referencian al mercado inmobiliario mediante la aplicación del coeficiente reductor del 0,5.

En el segundo acuerdo se traslada la necesidad de que las explotaciones agrarias y ganaderas gallegas tengan exenciones lo más amplias posibles en su tributación, a cuyo respecto cabe señalar que la aprobación de exenciones tanto en el IBI, como en cualquier otro impuesto sobre la propiedad, requeriría de reformas normativas cuya iniciativa no resulta posible de forma inminente teniendo en cuenta el presente proceso electoral. El Pleno de la Corporación ha aprobado un cuarto acuerdo solicitando la aprobación de una exención de la tasa de regularización así como la devolución de las ya ingresadas cuando afecta a construcciones indispensables, sobre lo que he de informarle que la tasa de regularización catastral es un tributo estatal, establecido por Ley, que se exige como consecuencia de la regularización de la descripción de los bienes inmuebles en el Catastro, es decir, el hecho de la tasa es la prestación de un servicio, de recepción obligatoria para el ciudadano, a través del que se produce la regularización de su inmueble por defectos en su descripción catastral debida al incumplimiento de la obligación de declarar ante el Catastro las circunstancias determinantes de un alta o una modificación. El importe de esta tasa no excede del coste real de la prestación del servicio de regularización por el cual se exige. Por otro lado, para atender la moción planteada se requiere de una reforma legislativa que, como se ha indicado anteriormente, no resulta posible en estos momentos. Respecto al quinto acuerdo relativo al establecimiento del máximo permitido de bonificación del 95% de la cuota del IBI, ha de recordarse que actualmente ya existe una bonificación en este sentido prevista en el texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales (TRLRHL), cuyo artículo 74.2 quáter faculta a los ayuntamientos a regular, mediante ordenanza fiscal, una bonificación de hasta el 95 por ciento de la cuota del IBI a favor de inmuebles en los que se desarrollen actividades económicas que sean declaradas de especial interés o utilidad municipal por concurrir circunstancias sociales, culturales, histórico artísticas o de fomento del empleo que justifiquen tal declaración. Por último y en relación con el sexto y último acuerdo cabe señalar que el tipo de gravamen mínimo para los inmuebles rústicos a efectos del IBI es del 0,3% conforme al artículo 72.1 del TRLRHL..."

Considerando esta Alcaldía que os tipos que actualmente recolle a nosa ordenanza fiscal son :

Tipo IBI Rústica 0,5

Tipo IBI urbana 0,55

Tipo IBI inmuebles características especiais 1,30

Visto o artigo 72 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais que sinala :

Artículo 72 Tipo de gravamen. Recargo por inmuebles urbanos de uso residencial desocupados con carácter permanente

1. El tipo de gravamen mínimo y supletorio será el 0,4 por ciento cuando se trate de bienes inmuebles urbanos y el 0,3 por ciento cuando se trate de bienes inmuebles rústicos, y el máximo será el 1,10 por ciento para los urbanos y 0,90 por ciento para los rústicos.

2. El tipo de gravamen aplicable a los bienes inmuebles de características especiales, que tendrá carácter supletorio, será del 0,6 por ciento. Los ayuntamientos podrán establecer para cada grupo de ellos existentes en el municipio un tipo diferenciado que, en ningún caso, será inferior al 0,4 por ciento ni superior al 1,3 por ciento.

3. Los ayuntamientos respectivos podrán incrementar los tipos fijados en el apartado 1 con los puntos porcentuales que para cada caso se indican, cuando concurra alguna de las circunstancias siguientes. En el supuesto de que sean varias, se podrá optar por hacer uso del incremento previsto para una sola, algunas o todas ellas:

Puntos porcentuales	Bienes urbanos	Bienes rústicos
A) Municipios que sean capital de provincia o comunidad autónoma	0,07	0,06
B) Municipios en los que se preste servicio de transporte público colectivo de superficie	0,07	0,05
C) Municipios cuyos ayuntamientos presten más servicios de aquellos a los que están obligados según lo dispuesto en el artículo 26 de la Ley 7/1985, de 2 de abril	0,06	0,06
D) Municipios en los que los terrenos de naturaleza rústica representan más del 80 por ciento de la superficie total del término	0,00	0,15

4. Dentro de los límites resultantes de lo dispuesto en los apartados anteriores, los ayuntamientos podrán establecer, para los bienes inmuebles urbanos, excluidos los de uso residencial, tipos diferenciados atendiendo a los usos establecidos en la normativa catastral para la valoración de las construcciones. Cuando los inmuebles tengan atribuidos varios usos se aplicará el tipo correspondiente al uso de la edificación o dependencia principal.

Dichos tipos sólo podrán aplicarse, como máximo, al 10 por ciento de los bienes inmuebles urbanos del término municipal que, para cada uso, tenga mayor valor catastral, a cuyo efecto la ordenanza fiscal del impuesto señalará el correspondiente umbral de valor para todos o cada uno de los usos, a partir del cual serán de aplicación los tipos incrementados.

Tratándose de inmuebles de uso residencial que se encuentren desocupados con carácter permanente, por cumplir las condiciones que se determinen reglamentariamente, los ayuntamientos podrán exigir un recargo de hasta el 50 por ciento de la cuota líquida del impuesto. Dicho recargo, que se exigirá a los sujetos pasivos de este tributo y al que resultarán aplicable, en lo no previsto en este párrafo, sus disposiciones reguladoras, se devengará el 31 de diciembre y se liquidará anualmente por los ayuntamientos, una vez constatada la desocupación del inmueble, juntamente con el acto administrativo por el que ésta se declare.

5. Por excepción, en los municipios en los que entren en vigor nuevos valores catastrales de inmuebles rústicos y urbanos, resultantes de procedimientos de valoración colectiva de carácter general, los ayuntamientos podrán establecer, durante un período máximo de seis años, tipos de gravamen reducidos, que

no podrán ser inferiores al 0,1 por ciento para los bienes inmuebles urbanos ni al 0,075 por ciento, tratándose de inmuebles rústicos.

6. Los ayuntamientos que acuerden nuevos tipos de gravamen, por estar incurso el municipio respectivo en

Considerando que a regularización catastral xa beneficia ó Concello pasando a tributar inmuebles que non estaban dados de alta en catastro así como considerando a necesidade de apoio e non aumento de presión fiscal sobre os veciños de Boimorto visto o informe de intervención que consta no expediente propono que o Pleno municipal **ACORDE:**

PRIMEIRO.- O proxecto de modificación do ordenanza fiscal nº 1 reguladora do IBI e conforme coas necesidades económicas do Concello, sendo necesaria a regulación actualizada deste tributo conforme a legalidade vixente e o establecemento de novo tipo de gravamen para inmuebles de natureza urbana de 0,55 pasaría a 0,5 e para inmuebles de natureza rústica nos que de 0,5 pasaría a 0,4, modificando nestes termos o artigo 13 da ordenanza fiscal vixente tal e como se reflexa en anexo a este acordo.

SEGUNDO.- Aprobar provisionalmente segundo dispón o artigo 17.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais Real decreto lexislativo 2/2004 esta modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do impostos sobre bens inmuebles.

TERCEIRO.-Expoñer o expediente a información pública e audiencia ós interesados , previo anuncio no taboleiro de anuncios do Cocnello e no BOP por un prazo de 30 días hábiles , para que poidan presentarse reclamacións e suxerencias que estimen oportunas que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

CUARTO.- No suposto de que non se presenten reclamacións contra ó mesmo, entenderase automáticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais RD lexislativo 2/2004

Anexo proposta modificación ordenanza fiscal nº 1 reguladora do IBI

Artigo 13: .- Tipo de gravame

Os tipos de gravame aplicables en este municipio serán os seguintes:

- A) Ben inmuebles de natureza urbana 0,5%**
- B) Ben inmuebles de natureza rústica 0,4 %**
- C)**

Disposición final

A presente MODIFICACIÓN de ordenanza fiscal , foi aprobada polo Pleno municipal na sesión de data, entrará en vigor no día da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2017, continuando viente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

Explica a Alcaldesa que esta proposta da saída a mocións xa acordadas en relación a este tema tendo en conta a contestación de catastro.

A Alcaldesa dalle a palabra ó concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas que di que ademáis de aprobar esto debería indicarse a catastro as contradicción nas que se incorre como cobrar a construcións ilegais, ou facer a regularización como a fixeron con Drone sen visitas a cada superficie, partindo dun traballo mal feito, di que hai cousas que non teñen sentido non se usan actualmente os hórreos máis estás pagando por eles e non podes demolelos xa que patrimonio sancionaría. Sinala D. Xosé Luis Rivas que o seu voto quedará condicionado a que o Pleno acorde facendo constar isto.

A concelleira do PSdG-PSOE di que se unen ó do BNG e ademais que se baixe a tipos mínimos o IBI 0,4 en urbana e 0,3 en rústica.

Resposta a Alcaldesa que se fixeron cálculos pero que o Concello tamén necesita financiación que se intenta baixar o que se pode pero dando cobertura ás necesidades do Concello.

O concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas protesta di que pague quen xenera riqueza que esta canle impositiva e excesiva caen impostos sobre pensionistas tan só un tercio da poboación se move laboralmente.

O concelleiro do PSdG-PSOE D. Abelardo Seoane sinala que a presión fiscal e moi importante e alta sobre todo para explotación sen actividade con gran carga fiscal, pregunta pola posible retroactividade deste acordo. Indica alcaldía que non se pode aplicar retroactivo.

Sen máis intervencións por unanimidade e condicionando os membros do grupo político do BNG o seu voto a que se comunique a Catastro todo o exposto nos considerandos deste acordo, o Pleno municipal con 11 votos a favor, cinco dos concelleiros do PP, un do concelleiro do grupo mixto, tres dos concelleiros do PSdG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- O proxecto de modificación do ordenanza fiscal nº 1 reguladora do IBI e conforme coas necesidades económicas do Concello, sendo necesaria a regulación actualizada deste tributo conforme a legalidade vixente e o establecemento de novo tipo de gravamen para inmobles de natureza urbana de 0,55 pasaría a 0,5 e para inmobles de natureza rústica nos que de 0,5 pasaría a 0,4, modificando nestes termos o artigo 13 da ordenanza fiscal vixente tal e como se reflexa en anexo a este acordo.

SEGUNDO.- Aprobar provisionalmente segundo dispón o artigo 17.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais Real decreto legislativo 2/2004 esta modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do impostos sobre bens inmobles.

TERCEIRO.-Expoñer o expediente a información pública e audiencia ós interesados , previo anuncio no taboleiro de anuncios do Cocnello e no BOP por un prazo de 30 días hábiles, para que poidan presentarse reclamacións e suxerencias que estimen oportunas que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

CUARTO.- No suposto de que non se presenten reclamacións contra ó mesmo, entenderase automáticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais RD legislativo 2/2004

Anexo proposta modificación ordenanza fiscal nº 1 reguladora do IBI

Artigo 13: .- Tipo de gravame

Os tipos de gravame aplicables en este municipio serán os seguintes:

- A) Ben inmobles de natureza urbana 0,5%**
- B) Ben inmobles de natureza rústica 0,4 %**
- C)**

Disposición final

A presente MODIFICACIÓN de ordenanza fiscal, foi aprobada polo Pleno municipal na sesión de data, entrará en vigor no día da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2017 , continuando viente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

3.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas entre os días 28/09/2016 a 24/10/2016, número 420 a 478.

Pregunta a Alcaldía en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teñan cabida no punto de rogos e preguntas.

A Alcaldesa dálle a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG, D. Xosé Luís Rivas Cruz que xustifica a urxencia da moción a expoñer na necesidade de evitar a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza.

Por unanimidade, con 11 votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, tres dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG o Pleno municipal aceptou a urxencia para tratar esta moción. A continuación expñse a moción de D. Xosé Luís Rivas Cruz como segue (remitíndose ao contido no documento que presentou con rexistro de entrada no Concello nº 2415 en data 24/10/2016):

MOCIÓN SOBRE A TRANSFERENCIA DA AP-9

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A AP-9 é unha autoestrada que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, ao conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas. Malia o seu carácter vertebrador, a AP-9 continúa a depender do Goberno Central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos, e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos. As competencias e a xestión desta autoestrada por parte do Estado é motivo de controversia, non só polas abusivas peaxes, senón tamén polo deterioro e servizo deficiente que presta a concesionaria, coa complicidade do Goberno central.

O Parlamento de Galiza, ao final da IX Lexislatura, por unanimidade de todas as forzas políticas con representación, aprobou a “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, que foi remitida ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación e aprobación final.

O día 14 de outubro de 2016, o Goberno central comunicaba a desconformidade coa súa tramitación nas Cortes Xerais, en base a un suposto incremento de créditos orzamentarios. Con independencia de que as contas feitas polo Ministerio de Fomento son absurdas, ao fundarse nos ingresos brutos das peaxes nun ano determinado (co que no caso de que as galegas e galegos decidísemos durante un ano non usar dita infraestrutura e reducir ao mínimo os ingresos de peaxes xa nos saíría case gratis o rescate), constitúe un agravio comparativo e unha discriminación parapetarse nun suposto incremento orzamentario para vetar o debate sobre a transferencia da AP-9 a Galiza e poder abaratar o seu custe para as usuarias e usuarios, cando se está a falar de achegar cantidades multimillonarias de diñeiro do orzamento público para rescatar autoestradas quebradas en Madrid, e que non redundarán precisamente nun beneficio das

persoas que as usan, senón que irán directamente para compensar ás construtoras e á banca que tamén impulsaron esa ruínosa construción de vías de alta capacidade.

Os grupos políticos desta corporación, debemos reafirmar e apoiar a iniciativa aprobada no Parlamento de Galiza que ten como finalidade superar un marco competencial onde Galiza nin decide nin opina sobre a xestión da vía de alta capacidade máis importante do punto de vista social e económico do país, e aspira a que desde Galiza se tome o control desa autoestrada, para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera, a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias, co modelo de xestión que ten a administración central da AP-9.

Con esta moción pretendemos que a Corporación de Boimorto tamén se sume ao consenso político acadado no Parlamento de Galiza e apoie expresamente a defensa da iniciativa lexislativa para reclamar a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza, nos termos aprobados polo Parlamento de Galiza.

Ademais, para expresar o rexeitamento a que unilateralmente e sen xustificación, dun xeito totalmente arbitrario e despectivo cara a principal institución representativa de Galiza, mesmo se impoña un veto ao seu debate e tramitación nas Cortes Xerais. Polo tanto, tamén estamos a reclamar que se garanta un elemental dereito democrático por parte do Goberno central, a que unha iniciativa de tanta importancia para Galiza sexa debatida e sometida a consideración do Congreso e do Senado, non simplemente a ser arquivada sen ter a oportunidade de a poder facer valer.

Por todo iso, o Pleno da Corporación Municipal de Boimorto.

ACORDA

- 1. Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza.**
- 2. Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galiza.**
- 3. Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e as construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP9.**
- 4. Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central e a Presidenta do Congreso dos Deputados.**

Boimorto 24 de outubro 2016

Asdo. Xosé Luis Rivas Cruz—Primeiro portavoz do bng do concello de Boimorto.

Por unanimidade con 11 votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, tres dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG o Pleno **ACORDOU**:

1. Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza.
2. Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galiza.
3. Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central e a Presidenta do Congreso dos Deputados.

Expón a Alcaldesa que o seu grupo ten unha moción sobre recoñecemento extraxudicial de crédito emerxencia social.

Por unanimidade, con 11 votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, tres dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG o Pleno municipal aceptou a urxencia para tratar esta moción:

<<MOCIÓN URXENTE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO EMERXENCIA SOCIAL

Solicítase a aceptación da urxencia de tratamento e adopción deste acordo para pago de facturas pendentes referidas a subvención emerxencia social do exercicio 2015.

Vistas as seguintes facturas:

Factura Electrodomésticos Pardo NIF 32767561J nº 121 data 27/06/2016 por importe de 429,00€

Factura Mercería Isabel NIF 76500326A nº 922 de data 10/08/2016 por 238,37€

Factura Deportes López NIF 33208229 nº 241 de data 19/10/2016 por importe de 75,63€

Facturas relacionadas coas subvención outorgadas no 2015 para emerxencia social sen que fose posible incorporación de remanentes de crédito polo que os gastos executáronse para dar cobertura con créditos previstos para emerxencia social no exercicio 2016 resultando imposible a súa imputación presupostaria ao exercicio de orixe, polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos.

Logo de ver o informe de reparo da Intervención municipal de 24/10/2016 relativo á fiscalización destas facturas obxecto de recoñecemento extraxudicial .

Visto o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril que outorga competencia ó pleno municipal para o recoñecemento extraxudicial de créditos cando non exista dotación orzamentaria. Considerando que pola teoría do enriquecemento inxusto ou sen causa mantida xurisprudencialmente, pola que un empresario executou unha prestación a favor da Administración ten que cobrar o prezo da prestación aínda que non foran seguidos os procedementos legalmente establecidos xa que un defecto formal non pode implicar un prexuízo para o contratista e un enriquecemento sen causa para a Administración.

Visto o artigo 26.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril polo presente propono que o Pleno municipal **ACORDE:**

PRIMEIRO.- Levantar reparo da secretaría intervención de data 24/10/2016 en relación coas facturas indicadas nos considerandos deste acordo .

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas indicadas nos considerandos deste acordo recoñecemento extraxudicial nº 3 /2016 autorizando, compromiso e recoñecendo obrigas con cargo á partida municipal de 2016 231.48000.

En Boimorto, 26 de outubro de 2016

A Alcaldesa:

Asdo.- M^a Jesús Novo Gómez>>>

Por unanimidade con 11 votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, tres dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG o Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Levantar reparo da secretaría intervención de data 24/10/2016 en relación coas facturas indicadas nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas indicadas nos considerandos deste acordo recoñecemento extraxudicial nº 3/2016 autorizando, compromiso e recoñecendo obrigas con cargo á partida municipal de 2016 231.48000.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

A concelleira do PSdG- PSOE D^a Sandra Iñíguez roga que se mire acceso peatonal a Franzomil, pregunta se foi realizada a limpeza da área recreativa Ponte de Castro así como polo comenzo das obras da ampliación da residencia.

Pregunta polo programa electoral do PP en concreto pola escola de idiomas.

Roga que se poña en funcionamento recollida de escombros para o Punto limpo de Sobrado.

Roga que se teña en conta que o Alcalde anterior para a praza de Dirección da residencia quería un perfil sociosanitario polo que se teña en conta e non se limite .

O concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas pregunta se foron impugnadas bases de selección de director/a residencia resposta a alcaldía que sí.

Roga este concelleiro que se reconduzan as bases da convocatoria para evitar comentarios raros.

Roga este concelleiro datos para ver a marcha da residencia e que a ampliación sexa en firme e a longo prazo.

A concelleira do BNG D^a Raquel Val pregunta a Alcaldesa onde traballa o ATS que marchou que polo que eles saben está na casa.

Pregunta o concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas polo funcionamento dos aeroxeneradores do parque eólico.

Roga que se faga unha poda en masas comúns de Brates dos pinos e castiñeiros.

Roga que non se fagan desbroces fora de tempo que se desbrozaron as setas.

Oferta castiñeiros inxertados na súa casa para plantalos en calquera área recreativa, rogando que non se planten castaños de madeira e poñer portainxertos.

Pregunta este concelleiro pola Ordenanza pendente de lodos e tamén por si funciona o novo modelo sanitario da Residencia cunha soa ATS reogando que en próximas convocatorias de bolsas de traballo o título de auxiliar de clínica sexa obrigatorio.

Roga que se colla a Residencia polos cornos.

Roga as contas do Festival e remata rogando que se mire e se teña en conta a necesidade de reservas de auga.

A concelleira do BNG D^a Raquel Val roga que se vele por casos de asuntos sociais como o da medicación que se falou aquí, e pregunta por escritos que non se contestan os veciños, roga amaño da tubería campo da Feira e que se evite o tirar herba e folla aos contenedores así como que se colguen tódalas actas na páxina web.

A Alcaldesa di que en relación co acceso peatonal a Franzomil depende da Deputación pero seguirá pedindo así como para o Pedral.

En relación coa Area recreativa de Castro di que na Consellería xa rogo dita limpeza.

Sobre a ampliación da Residencia fundamenta o retraso na necesidade de obtención de autorización previa da xunta para o proxecto para ver a súa viabilidade polo que xa chegou e sacáranse pregos para esta obra.

Di que en relación coa escola de idiomas estase a falar coa AMPA, e reunións con Xuventude en Xunta e queren dar uns mínimos coñecementos de inglés aos maiores para que podan relacionarse cos peregrinos.

Sobre a recollida de escombros para depositar no punto limpo de Sobrado sinala que está traballando isto que o Concello puxo 25.000 € e non o usanin funciona está en marcha xa falou co Alcalde de Sobrado e ten clara a necesidade de liberar a Mota quedando como un punto de tránsitoe, máis faltan permisos para o Punto limpo de Sobrado e quedou en reunións para solucionalo.

Sobre a praza de dirección di que xa ten un equipo de servizos sociais que van seguir traballando alí que ten unha impugnación ás bases polo colexio de traballadores sociais pero entende que ten motivos para non pedir ese perfil cando xa o ten traballando alí.

O concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas manifesta que todo vai a limitarse á prestación de servizos sociais di que o mellor perfil debería ser comentado coa oposición.

A Alcaldesa oficialmente agradece o traballo de todos no día do incendio no centro.

Di que fará reunións coa oposición sobre temas da Residencia e que o ATS que marchou está nas listas do SERGAS sendo a súa disponibilidad inmediata e que lle consta que tivo oferta doutra residencia.

Resposta que sí funcionan os eólicos.

Sobre as masas comúns en Brates que se desbrozaron por prevención de incendios que pódense plantar máis castiñeiros.

Di que terase en conta o rogo sobre ordenanza lodos.

Sobre a presenza de dúas auxiliares de clínica na residencia di que funcionan ben e que se dende sempre o persoal tivera a cualificación necesaria non habería tantos problemas.

Sobre as contas do Festival di que teñen que presentalas para despois de sinatura do Convenio poder obter a subvención.

Roga o concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas que se presenten tamén as do ano anterior.

A Alcaldesa di que a reserva de auga baixou en Rodieiros pero está ben.

O concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas pide que se capten máis regatos.

Di a Alcaldesa que pediu aos servizos sociais que o usuario ao que se refería Sandra Iníguez veña a comer á Residencia.

Sobre o rogo de que se resposte aos escritos dos veciños di a Alcaldesa que pudo pasarse algún pero en principio resposta a todos.

Sobre as medidas a adoptar para que os restos da corta non se deixen en contenedores di que falou coa empresa de mantemento de xardíns e que se pedirá colaboración dos veciños.

Sobre o rogo de que se colguen actas na web que o farán.

O concelleiro do PSdG-PSOE D. Abelardo Seoane roga que cando se arranxen camiños o construtor deixe entradas con tubos inda que o cobre ós propietarios.

O concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas pide en Romelas unha mellor ubicación dos contenedores de lixo.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 21:10 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcaldesa-presidenta e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- María Jesús Novo Gómez